



## Concello A Guarda

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2017.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día vinte e oito de novembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

**D. Miguel A. Español Otero**

**D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**

**D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**

**D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ( ACTA DE 13.11.2017).**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 13 de novembro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

#### **PUNTO 2.- EXPTE. 2480/2017. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

---

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR – DEPENDENCIA**

**TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA**

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 15/11/2017 da Xunta de Galicia aparece M.C.L.P en lista de agarda con un grado II e 55 puntos, correspondéndolle 45 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle ás 45 horas mensuais.

Lexislación aplicable:



## Concello A Guarda

---

Decreto 15/2010, de 4 de febrero, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

- Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a M.C.L.P. con 45 horas mensuais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

### **PUNTO 3.- EXPTE. 2462/2017. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCURRENCIA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 11 maio del 2016, Dna. M.N.R.A. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante. Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a M.N.R.A. con cargo a libre concurrencia.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 4.- EXPTE. 2011/2017. SOLICITUDE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCURRENCIA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 26 setembro do 2017, Dna. A.M.M.A. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a A.M.M.A. con cargo a libre concurrencia.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 5.- EXPTE. 2399/2017. RECURSO DE CASACIÓN ANTE O TRIBUNAL SUPREMO CONTRA AUTO DE EXECUCIÓN DA SENTENZA DA ARMONA**

---

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando os autos ditados o 28 de xuño e 9 de outubro de 2017 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso- administrativo nº 6020/96 establecido por D. EULOGIO ABELEIRA CABALEIRO contra a desestimación presunta da denuncia formulada ante a Alcaldía da Guarda para que procedese á demolición das obras de construción de 8 vivendas no baixo da Urbanización a Armona.

PROPÓN á Xunta de Goberno Local: Que se de por enterada do contido dos autos ditados o 28 de xuño e 9 de outubro de 2017 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dando traslado do mesmo á Oficina Técnica municipal para a súa constancia no expediente e dando traslado á Alcaldía para que decida a interposición de recurso de casación ante o Tribunal Supremo nomeando como Procurador a D. Enrique Auberson Quintana- Lacaci.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido dos autos que se comunican e acorda dar traslado á alcaldía proponendo a interposición de recurso de casación ante o Tribunal Supremo nomeando como Procurador a D. Enrique Auberson Quintana- Lacaci.



## Concello A Guarda

### PUNTO 6.- EXPTE. 419/2017. APROBACION COBROS MERCADO AGOSTO 2017

Proposta da Alcaldía

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado, e vista a relación de recibos ao cobro realizado pola tesourería municipal, corespondente ao mes de agosto,

PROPOÑO á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a relación de recibos do mes de agosto para a súa posta ao cobro

#### RELACIÓN DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DA GUARDA (MES DE AGOSTO DE 2017)

CARTA DE PAGO	Nº POSTO	PLANT A	CONTRIBUÍNTE	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
0	1	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	2	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 141/2017	3	BAIXA	CARRERO VICENTE, ANTONIO JAVIER	89,18	
MER.- 142/2017	4	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	89,18	
MER.- 143/2017	5	BAIXA	BAZ VICENTE, LUIS	115,90	
MER.- 144/2017	6	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	44,86	
MER.- 145/2017	7	BAIXA	PESCADOS NARCISA, S.L.	106,97	
MER.- 146/2017	8	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
MER.- 147/2017	9	BAIXA	RODRÍGUEZ CADILLA, Mª CARMEN	80,17	
MER.- 148/2017	10	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	66,81	
MER.- 149/2017	11	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	80,17	
0	12	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 150/2017	13	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	89,18	
MER.- 151/2017	14	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
0	15	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-152/2017	BANCADA A	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	26,73	
0	1	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 153/2017	2	ALTA	LEIRA FERRO, MARÍA YOLANDA	29,43	
MER.- 154/2017	3	ALTA	VAQUERO ENES, MERCEDES	66,81	
MER.- 155/2017	4	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
0	5	ALTA	VACANTE		BAIXA
MER.- 156/2017	6	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
MER.- 157/2017	A	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	53,45	
0	B	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 158/2017	C	ALTA	MARTÍNEZ VICENTE, JOSEFINA	44,60	
0	D	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 159/2017	E	ALTA	VICENTE SOUSA, FRANCISCO JAVIER	44,60	
MER.- 160/2017	F	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	35,66	



## Concello A Guarda

TOTAL RECIBOS	1.331,78
---------------	----------

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 7.- ASUNTOS VARIOS.**

O sr. Alcalde informa á Xunta de Goberno Local das seguintes cuestións:

- esta semana mandarase publicar anuncio de convocatoria pública para a constitución dunha lista de reserva de operarios e oficiais de servizos varios.
- No mes de decembro prevese a licitación do contrato mixto de servizos e subministro das fotocopiadoras para o novo concello.
- O día 8 de decembro vaise celebrar un concerto solidario na Alameda a cargo de Panorama en colaboración do San Vicente de Paul e Conrazones.

O sr. Español Otero informa á Xunta de Goberno Local das seguintes cuestións:

- Cómpre remitirle un escrito á empresa concesionaria do servizo da gardería municipal recordándolle a súa obriga de mantemento das instalacións.
- Xa se remataron as obras do mirador da Atalaia e as do Pabillón Municipal.
- Xa se certificou tamén o remate das obras de instalación dun ascensor na Praza de Abastos.
- Vaise adxudicar nesta semana o contrato menor de rehabilitación e mellora dos parques infantís á empresa Zona de Obra, S.L.

O sr. Rodríguez González informa á Xunta de Goberno Local das seguintes cuestións:

- Hai unha nova captación de auga na zona de Casás.
- Recibíronse novos composteiros de SOGAMA.
- Nesta semana vaise proceder ó asfaltado da rúa do Porto

Non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión ás 10:35 horas da que eu como secretario dou fe.